

CANDO MARTIÑO TIVO GANAS DE MEXAR NA NOITE DE REIS

Texto de CHEMA HERAS

Ilustracións de KIKO DASILVA

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €.

Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis

(galego)

ISBN 978-84-8464-612-9. Demademora.

Cuando a Matías le entraron ganas de hacer pis en la noche de Reyes

(castelán)

ISBN 978-84-8464-611-2. Libros para Soñar.

En Martinet tenia ganas de fer pipí la nit de Reis

(catalán)

ISBN 978-84-8464-016-5. Llibres per a somniar.

-Os Reis non entran nas casas dos nenos

que non estan durmidos! -espetoulle o pai.

-Entón voume deitar cedo -aceptou o cativo.

...No medio e medio da noite, Martiño espertou

coas ganas de mexar...

“Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis” é un atípico conto de Nadal que nos amosa a particular visión dun neno sobre ese acontecemento tan especial. A narración, chea de enxeño e de humor, desvela a inxenuidade e a complexidade do máxim infantil. As ilustracións destacan pola súa forte expresividade e fan deste álbum un dos preferidos nas bibliotecas dos cativos.


“Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis” chega sempre polo Nadal para facer sorrir a lectores pequenos e grandes, para que gocen da ledicia e da ilusión que agroma en cada páxina. Porque todo comeza cunha carta co mesmo encabezado:

“Queridos Reis...”



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** conto de Nadal.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** humor; colorido; canción a modo de retrouso (repetición); tradicións do Nadal; soños, ilusión; do autor de “Avós” (Kalandraka); do ilustrador de “Sar, Sarela e os monstros de Compostela” e autor de “Moncho e a mancha” (Kalandraka).

Chema Heras

(Ávila, 1957)

É profesor de inglés nun centro escolar de Ribadumia e realiza traballos de tradución e colaboración editorial no eido da literatura infantil e xuvenil. Editou o poemario “Nido de amor e cuna” (1982) e, no plano educativo, a colección de contos “Bulebule” para ler e escribir. Durante a súa estada en Australia escribiu e adaptou varios libros editados polo Departamento de Educación de Nova Gales do Sur. Entre as súas publicacións tamén figura “A fuxida dos nenos” (Sotelo Blanco, 1990). É autor de “Avós” (Premio Llibreter 2003; selección Os Mellores Libros para Nenos 2004 - Banco do Libro de Venezuela), editado por KALANDRAKA.

Kiko Dasilva

(Vigo, 1979)

Artista plástico e humorista gráfico, licenciado na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Iniciou a súa traxectoria profesional en 1998: creou e dirixiu as revistas de banda deseñada *BD Banda* (premio ao mellor fanzine do Salón do Cómic de Barcelona), *Fiz e Retranca* (Premio Ourense á Mellor Iniciativa de Banda Deseñada 2010). É autor do álbum “Moncho e a mancha” e ilustrador de “Sar, Sarela e os monstros de Compostela” (KALANDRAKA). Colabora na revista *El Jueves*. Participou no traballo colectivo “H2Oii”, sobre a catástrofe do Prestige. Recibiu, entre outros galardóns, o 1º Premio de Cómic de Ourense (1996), o Premio Internacional de Humor Gráfico de Porto (Portugal) e o Premio Castelao de Banda Deseñada 2014. Actualmente dirixe en Pontevedra a Escola Profesional de Banda Deseñada *O Garaxe Hermético*, na que tamén é profesor.

<http://kikodasilva.blogspot.com>